

FLORES COLORIDAS

Que perseguimos?:

Queremos darlles cor a dúas flores brancas.

Que materiais necesitamos?:

Necesitamos dúas flores brancas (calas), dous vasos de auga, dúas cores de colorante e auga.

Como fixemos?:

Enchimos os vasos con auga. En cada un deles mezclamos con a auga os dous tipos de colorante. A continuación metimos cada flor branca en cada seu vaso. Esperamos varios días e as flores colleron a cor da auga de cada vaso.

Conclusións:

Teño dúas flores que nun principio eran brancas, de dúas cores diferentes porque absorberon a auga tintada e con ela a cor.

